

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S. A. , 2023 (programas "Labranza", "O Agro" e "Ferrado e medio")

1. A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais. No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o desenvolvemento rural e mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican en Galicia á actividade agrogandeira e forestal.

2. ANTECEDENTES E OPORTUNIDADE

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, ten o interese e o deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia os programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos, entre outros, os pertencentes ao sector agrogandeiro e forestal.

Para o axeitado desenvolvemento das políticas públicas da Administración autonómica, no seu ámbito de actuación e no exercicio das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural, considérase imprescindible revitalizar e impulsar a súa programación como medio idóneo para divulgar todos os aspectos relacionados co noso territorio. Os obxectivos coinciden cos previstos no Decreto 223/2022, de 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural que, coa súa participación, pretende levar a cabo un servizo de difusión nos medios de comunicación de titularidade pública que ten por obxecto a divulgación de mensaxes que contribúan ao desenvolvemento do medio rural e a mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican en Galicia á actividade agrogandeira e forestal.

Por tratarse dunha actuación única promovida pola Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., a achega económica da Xunta de Galicia realizarase a través dun convenio de colaboración, dado que non é posible promover concorrencia pública por representar esta entidade o 100% da produción pública galega. E, por outra banda, ao ser un ente público dependente da Administración autonómica, como





medio propio de carácter público, derívase un importante aforro económico no desenvolvemento da prestación.

En relación co Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19/01/06 (criterios que se deben seguir na tramitación de expedientes referentes a convenios con empresas titulares de medios de comunicación), hai que facer constar o seguinte:

- O idioma de emisión dos programas "Labranza", "O Agro" e "Ferrado e medio" é o galego normativizado.
- A máxima difusión e audiencia en función dos obxectivos e público destinatario unicamente pode conseguirse no dito idioma a través deste ente que, de acordo cos datos do EGM, figura como o medio de comunicación televisivo máis seguido en idioma galego. Neste sentido, cómpre destacar que a TVG pechou o ano 2022 cunha cota media de pantalla do 10,5 %.
- En canto aos criterios xerais e específicos que se formulan no proxecto, aspectos de implantación, creatividade e eficiencia e os correspondentes a un segmento de especial interese cívico que deben rexer, considéranse cumpridos na súa totalidade, xa que os obxectivos son os de levar a cabo o servizo de difusión público coa divulgación de mensaxes que contribúan ao desenvolvemento do medio rural e a mellora as condicións de traballo e de vida das persoas que se dedican a este tipo de actividade, en todo o ámbito e respecto de toda a poboación da Comunidade autónoma a través dun medio con capacidade para isto.

Polo tanto, en función destes criterios, non é posible promover a concorrência; unicamente poden conseguirse os obxectivos previstos a través deste único medio de comunicación de carácter público.

Todos estes antecedentes xustifican as razóns de oportunidade para propoñer a formalización do dito instrumento de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., para a realización e emisión de tres programas sobre o sector ("Labranza", "O Agro", e "Ferrado e medio"), de acordo coas condicións que se especifican.

3. FINALIDADE

Para os efectos sinalados, esta Consellería ten previsto formalizar coa Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.





4. OBXECTO

O convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para o desenvolvemento dos programas "O Agro", "Labranza", e "Ferrado e medio", que emite a Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., á quen lle corresponde o establecemento da liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos.

5. LEGALIDADE

Esta colaboración non está comprendida no ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que exclúe os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados na devandita Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

As actuacións que se pretenden non gardan relación co funcionamento do mercado interior, no sentido ao que se refire a comunicación interpretativa da Comisión (2006/C 179/02), xa que a celebración deste convenio non ten potencial interese para os operadores económicos doutros Estados membros, pola súa escasa incidencia económica.

Así, respéctase a xurisprudencia do Tribunal Superior e Xustiza das Comunidades Europeas, que impón unha obriga de transparencia no sentido que se indica.

Por outra banda, o texto do convenio non excede das competencias atribuídas á consellería nin implica renuncia ao exercicio das conferidas como propias.

6. OBXECTIVOS

Segundo consta no informe emitido pola Xefa de Prensa o 28 de febreiro de 2023 Os programas "O Agro" e "Labranza" emítense sen interrupción na Televisión de Galicia (TVG) dende o 9 de marzo de 1991, o que os converte, con máis de vinte anos de historia, nuns dos espazos decanos da televisión na Comunidade Autónoma. A creación de ambos os dous programas foi proposta e promovida directamente pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes como un servizo público de información para o sector agropecuario e forestal e para os habitantes





do medio rural, no que a consellería competente nesta materia ven prestando a súa colaboración. Así mesmo, a través da súa canle de radio, vén emitindo o programa "Ferrado e medio" os domingos de 07:00 a 08:00 da mañá.

"Labranza":

É un programa semanal de 30 minutos de duración que se emite semanalmente e nunha franxa horaria que garanta un alto nivel de audiencia. Consta de dúas reportaxes (de 12 minutos e medio de duración aproximadamente) nos que se trata de facer unha análise en profundidade de temas de actualidade do sector agropecuario, forestal e o medio rural.

Os obxectivos son os seguintes:

- Divulgación das últimas técnicas e as novas normativas que afectan aos sectores gandeiro, agrícola, forestal e alimentario, para contribuír á súa modernización e mellora.
- Atención á industria de transformación e á comercialización dos produtos agrarios, incidindo especialmente nos produtos protexidos ou certificados con selos de calidade e orixe.
- Divulgación das prácticas agrarias máis respectuosas co medio natural, normativas de prevención de riscos laborais para mellorar a seguridade no traballo e pautas para incrementar a calidade das producións agrícolas, gandeiras e forestais.
- Información sobre as iniciativas públicas e privadas que axuden a fixar poboación e mellorar a calidade de vida no medio rural.
- Promoción da diversificación agraria e dos principios da Política Agraria Común.

"O Agro":

É un programa de 7 minutos de duración que se emite os martes e mércores en franxa de mañá. Normalmente consta dunha ou dúas reportaxes, de entre 2 e 4 minutos de duración, sobre temas de actualidade do sector agrario, forestal e rural. Consta ademais de varias seccións fixas segundo o día semana.

Os obxectivos informativos do programa "O Agro":





Son os mesmos que os de "Labranza", coa diferenza de que está máis centrado na información do día a día, coas cotizacións dos mercados gandeiros, información sobre as distintas liñas de axudas ás que poden optar os agricultores, avisos de pragas e enfermidades, etc.

"Ferrado e medio"

É un programa de radio que se vén emitindo os domingos de 07:00 a 08:00 da mañá.

O contido deste programa versa sobre as novidades da agricultura e a gandaría galegas. Así estrutúrase en diversas seccións que inclúen información relativa ás producións agrícolas, planta ornamental, oleícolas, sector gandeiro, forestal e información de interese para as persoas traballadoras destes eidos produtivos.

7. FINANCIAMENTO

O financiamento dos ditos programas supón un total de 236.052,00 € e a Consellería participa cunha achega de 75.000,00 euros, con cargo á aplicación 14.01.711A.640.3 (código de proxecto 2015 00585) dos orzamentos da Comunidade autónoma de Galicia para a anualidade 2023.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Nicolás Vázquez Iglesias

